textos / 74

Bagos de uva no padal,

de Susana Hornos e Zaida Rico

Fotografía: Akira Patiño

RGT
revistagaleganadeteatro
N.º 77

BAGOS DE UVA NO PADAL: TEATRO, MEMORIA E IDENTIDADE

Bagos de uva no padal nace a finais de 2010.
Nace de tres contos soñados na pluma de Susana Hornos.
Nace da loucura de Zaida Rico por querer levalos á escena.
Nace da unión de ámbalas dúas para convertelo en materia dramática.

Nace a setenta e catro anos da ocupación franquista, época que nós non vivimos de forma directa, mais si que experimentamos as consecuencias da súa desmemoria.

Nace na Arxentina, a dez mil kilómetros na nosa Península Ibérica. Cun océano polo medio, falar da nosa historia converteuse nunha necesidade vital.

E, se cadra, por todo isto, neste país de inmigrantes a acollida e o cariño do público ten sido constante. Comezamos coa pre-selección do Certame de Teatro e Memoria do Centro Cultural Haroldo Conti (Ex Centro clandestino de detención da dictadura arxentina); fomos parte de Teatro x a identidade (ciclo creado polas Avoas da Praza de Maio); compartimos unha función cos Nenos da Guerra; participamos na comemoración do 75º aniversario do Bombardeo de Gernika e acompañamos ás vítimas e aos familiares que levaron perante a xustiza arxentina a Querela contra os crimes do franquismo.

Que a máis de tres anos de ter arrincado coa creación de *Bagos de uva no padal*, hoxe, a *Revista Galega de Teatro* traducira a obra suponnos un novo pulo para seguirmos apostando pola nosa Memoria e Identidade. Somos conscentes de que o círculo non se ha pechar ata que non poidamos estar nos escenarios de España.

Sen desquite, sen ofensa, mais coa denuncia que o teatro, entendemos, debe incorporar ao entretemento e á estética: quedan aínda moitos silencios por cantar e galopar.

Susana Hornos e Zaida Rico.

BAGOS DE UVA NO PADAL

ESPAZO ESCÉNICO

O espazo está formado por una única tea vermella que parte do proscenio do teatro para ocupar por enteiro o escenario ata subir ao fondo. A tea conforma unha silueta que funciona coma metáfora de todos os escenarios posibles nos que se desenvolve a obra, ao tempo que abre o xogo ao imaxinario propio do espectador.
Durante as dúas terceiras partes do espectáculo unha das actrices fica, nun dos recantos da tea vermella, tirada no chan, inmóbil.

DRAMATIS PERSONAE

Cinco actrices compoñen catorce personaxes.
Ao longo da obra xorden outras figuras ás que non lles damos o carácter de personaxe pois que funcionan coma sombras necesarias para o desenvolvemento da acción.
As actrices non saen nunca de escena. Prodúcense todos os cambios de personaxe á vista do espectador. Para iso utilizan un único elemento externo ademais dos seus corpos e voces: un pano cadrado que fai as veces de pano da cabeza, mandil, fusil, peneira…
A estrutura dramática está dividida en tres capítulos ou contos. O primeiro deles desenvólvese entre 1932 e 1936. O segundo entre 1939 e 1975. O terceiro entre 1975 e 2014.
ACTRIZ 1: Rosa, Presa 1, Monxa 2, Lois.
ACTRIZ 2: Francisco, Pastora.
ACTRIZ 3: Susa, Adelina, Felisa.
ACTRIZ 4: Dona Esperanza, Presa 2, Monxa 1, Milagres.
ACTRIZ 5: Miguel.

SUSA.
ESPAÑA: 1932 – 1936.

DRAMATIS PERSONAE:
ACTRIZ 1: Sombra de Susa 2, Rosa.
ACTRIZ 2: Francisco
ACTRIZ 3: Susa.
ACTRIZ 4: Sombra de Susa 1, Dona Esperanza.
Espazo baleiro cuberto pola gran tea vermella. Vemos un corpo tirado no chan. Comezamos a escoitar unhas voces de mulleres cantando, primeiro moi suavemente, cada vez con máis brío.

TODAS: "O día que eu morra, teño xa disposto no meu testamento que me han enterrar, dentro dunha adega, ao pé dunha cuba e cun bago de uva pegado ao padal…"

As voces achéganse e catro actrices axitando panos entran no escenario. A escena lembra un encerro de becerras. Escóitanse voces por riba dos cantos: "Ei, touro, vamos valente...!
Unha das actrices cae ao chan. É Francisco, un mozo duns 17 anos. Outra das que cantaba axúdalle, é Susa, moza da súa mesma idade.

FRANCISCO: Case caio diante do touro…
SUSA: Case. Si…
FRANCISCO: Agora que unha cornada a min no ma dá ese, que o touro sabe cando un é valente e a min os touros sempre me tiveron respecto… Vostede… vostede non viu nada?
SUSA: Non… Está ferido?
FRANCISCO: Pois se non viu nada, cóntollo; que eu xa lle dixera ao pastor que o cabestro ese, o manchado, estaba demasiado valente hoxe para cabestro, así que andei máis pendente do cabestro ca das becerras, non fose cousa que tivesen mancado a alguén…
SUSA: Claro… non…
FRANCISCO: Os rapaces, que sempre…
SUSA: Non… non…
FRANCISCO: Francisco Lago Dafonte, para servila no que precise.
SUSA: María Xesús Coto da Illa.
FRANCISCO: Vaia. Vostede de auga salgada e eu de auga doce. Decatouse vostede..?
(Susa ri. As dúas sombras de Francisco mudan a sombras de Susa.
FRANCISCO: Susa… E ao mellor que miña nai teña razón, que non teño que andar tan afouto polos campos…
SUSA SOMBRA 1: Fala!
SUSA SOMBRA 2: Non tés mans de labrego, non!
FRANCISCO: Xa lle dixen que eu non me poño diante dun toro e quedo aí: chantado…
SUSA SOMBRA 1: Fala!
SUSA SOMBRA 2: Que queixelo fermoso tés!
FRANCISCO: E miña nai di que onde teño que ser afouto é nos campos, que aí é onde hai que saber ficar enriba do cabalo e manexar o xornaleiro…

SUSA SOMBRA 1: Fala, fala!
SUSA SOMBRA 2: E despois bícasme…
FRANCISCO: Díxenlle xa que a miña familia ten terras na outra banda do río? E nesta, vaia, e unhas que deixou o meu avó en Castela.
SUSA SOMBRA 1: Fala! Mira como che quedou a camisa…
FRANCISCO: E ao labrego vostede sabe que non lle gustamos os señores, que como somos donos de todo, somos distintos… mais, sabe que lle digo, señorita María Xesús? Que eu coma eles, téñome que erguer ás cinco da mañá a dar os bos días.
SUSA SOMBRA 1: Fala… Eu heiche lavar a camisa!
FRANCISCO: E iso di miña nai…
SUSA SOMBRA 2: Fala… Despois bícasme!
FRANCISCO: … que non sería tan valente se…
SUSA SOMBRA 2: Se que?
SUSA SOMBRA 1: Fala!
FRANCISCO: Se… se tivese unha moza a quen facerlle as beiras; que entón ía sentar eu a cabeza…

Francisco bica a Susa. Ela corre cara á ermida.

SUSA: Ai, Santísima Virxe, por favor, que non sexa pecado… Perdóame, Virxe miña, sabe a marmelo… A marmelo doce e fresco! Se non quere que o faga máis eu agardo, Santa Virxe, agardo a el se decida…
FRANCISCO: Susaaaaaaaaaaaaa!

Susa corre cara a el. Unha das sombras de Susa transfórmase en dona Esperanza.

FRANCISCO: Algún día vas botar a correr! Vas botar a correr e non vas volver!
SUSA SOMBRA 1: Correr a onde? Lonxe de ti? Lonxe do queixelo que amo?
DONA ESPERANZA: Casares?
Diante do berro da súa nai, Francisco acode presto. Pasou xa o tempo do cortexo.
FRANCISCO: Si, madre.
DONA ESPERANZA: Pero se é analfabeta.
SUSA SOMBRA 1: Analfabeta…
FRANCISCO: Todas o son, madre… Pero esta é boa e rexa. Teremos fillos fortes, madre…
SUSA SOMBRA 1: Fillos…
DONA ESPERANZA: Netos…
FRANCISCO: Descendencia…
SUSA: Teremos fillos fortes, madre…

A outra sombra de Susa muda a Rosa, a mestra moza que revolucionou a vila coas súas ideas. No espazo empezamos a ver as dúas Españas. Nunha banda Rosa co puño erguido, na outra a voda na igrexa.

ROSA: Pero quen vos di que non podedes casar? Eu o que digo é que podedes escoller, podedes aprender… e estudar! Mesmo cantar se queredes!

DONA ESPERANZA: Vivan os noivos!
ROSA: Viva a República.

Rosa canta. Francisco e Susa casan, óense campás de voda e órganos de manivela. Rosa empeza a ensinarlle a escribir a palabra "LIBERDADE" ao público. Susa e Francisco pasean. Susa mira a Rosa, admíraa, obsérvaa, fíxase en como ensina a escribir a outras mulleres do pobo.

SUSA: Paco! Vou estudar.
FRANCISCO: Ti?
SUSA: Eu… Cando sexa nai déixoo, Paco.

Francisco asente. Observa a Rosa e vaise achegando a ela. Desenvólvense as dúas escenas en paralelo, a do galanteo entre Francisco e Rosa e a de Susa aprandendo a escribir e a sumar mentres. Dona Esperanza obsérvaa.

ROSA: Li… ber… O "d"… O "d" é o do…… É unha flor á que lle arrincaron os pétalos deixándolle só a base, a raíz… Agora o "a", que ese é máis doado.

Rosa vai debuxando as letras ao tempo que as describe nun lado do escenario. No outro lado Susa aprende a escribir con paciencia mentres detrás a súa sogra a acovarda. Cada vez que Susa trate de aprender ela halle esixir descendencia.

DONA ESPERANZA: E os netos?

Francisco non deixou de mirar para Rosa; deixa á súa muller na casa e comeza o xogo con ela.

FRANCISCO: O a é unha flor sen pétalos, que aínda está amarrada ao talo, coma un último suspiro.
ROSA: A min non me parece… *(Ao público)* Agora o "d", seguimos co outro "d"…
FRANCISCO: Así que sabes ler e escribir. E para que Quere unha muller coma ti saber tanto?
ROSA: paro o mesmo que quere un home saber sumar…

Rosa primeiro resístese a seguirlle o xogo ao señorito da vila, pero comeza a música e os dous empezan a bailar, ela evádeo, apártao… déixase. Sedúcense. Ámanse.
No outro lado do escenario, Dona Esperanza segue a reprender a Susa: "E os netos?", mentres lle manda limpar e cociñar.
Francisco lembra que está casado, namorouse de Rosa, mais ten que facer ben as cousas. Despídese dela. Rosa queda rota nun recanto. Francisco vai ao encontro da súa nai, mentres Susa segue allea ao que pasa arredor de si.

DONA ESPERANZA: Divorcio?
FRANCISCO: Si, madre.
DONA ESPERANZA: Por que non fas coma o resto dos homes?

FRANCISCO: Son un home de lei…
DONA ESPERANZA: Divírtete con esa muller e volve polas noites ao leito coa túa muller.
FRANCISCO: Susa non merece iso, madre… Antes téñome que divorciar!
DONA ESPERANZA: Divorcio? Endexamais! Non penso poñer en perigo a nosa salvación… Un Lagos Dafonte nunca xamais. Endexamais mentres eu estea viva volvas pisar esta casa: nunca xamais!

Francisco, anoxado, deixa atrás á súa nai. Vaise ir da casa mais Susa chama por el.

SUSA: Paco! Rematei o bordado da túa camisa! Ese debuxo aprendéronmo en álxebra:"PI". Agora todos han dicir que a túa muller sabe coser e sumar.
FRANCISCO: Si, as mulleres xa estudan…
ROSA: Estudan. Len. Contan. Votan. Adúlteras sen cárcere. Divírtense sen cárcere. E tamén bebemos viño!
FRANCISCO: María Xesús, as cousas cambian. Aprobaron unha nova lei, unha lei pola que nos podemos divorciar…
SUSA: Divorcio? Non me fales de divorcio. Dime nada máis. Por quen darías a vida, Paco? Por ela ou por min?
FRANCISCO: *(Mentres escoita cantar a Rosa)* Por ela.
SUSA: Entón xa estás casado con ela.
FRANCISCO: Non, María Xesús, son un home de lei… Non deixarei esta casa mentres o sagrado matrimonio nos una. Vou deixar todo ben disposto para que envida non che falte de nada, María Xesús. Para miña nai ti has seguir sendo a lexítima e sagrada muller de Francisco Lagos Dafonte, e esta casa e todo o que nela hai perténceche a ti…

Susa non o escoita, non o ve, fica no seu mundo, afundida na tristeza, no abandono. Queda no centro do escenario e moi levemente, de xeito imperceptible, xirará sobre si mesma mentres arredor todo segue. Francisco saíu da súa casa dando un portazo.
Francisco reencóntrase con Rosa, só precisan ollarse, recoñecerse, abrazarse, quedan nun recanto enlazados sendo un só.
Cando Francisco deixa a súa casa, Dona esperanza exerce toda a súa impotencia e carraxe contra Susa, que fica, lonxe de todo, xirando. Dona Esperanza achégaselle, cada vez máis.

DONA ESPERANZA: *(A Susa)* Se lle deras fillos non tería marchado. Moito estudar pero seca. Un varón… un varón nesta casa… Para que quere un home unha muller que non lle dá fillos? Viúva. Son unha viúva e o meu fillo está morto. Oíchesme? Está morto.

Antes de chegar a tocar a Susa, Dona Esperanza cae ao chan, morre.

VOZ EN OFF: España unha! España grande! España libre!

Francisco e Rosa escoitan xuntos o golpe de Estado. Despídense para loitar. Estoura a guerra. Susa segue ausente, segue a xirar sobre si mesma.

A todas, non sendo a Susa, lles pasa a guerra por enriba, retórcense. As figuras do Guernika introdúcense nos seus corpos: o cabalo, o guerreiro, o touro, a muller ardendo… Ao remate as tres actrices, co seu fillo morto no colo, descompoñen os seus rostros pola dor. Caen. Ao rematar a Guerra os cadáveres convértense en fascistas que xiran arredor de Susa cantando o "cara al sol". Francisco viviu unha transformación en toda esta secuencia: agora é outro e volve a casa; atrás quedou Rosa e a loita. Volve ao seu lugar e á súa casa.

FRANCISCO: Madrid, 22 de decembro de 1939: ano da vitoria. Miña querida María Xesús, sei que pasaron moitos anos e que o teu xeneroso corazón xa me perdoou. Deus castigou a miña soberbia non dándome fillos coa muller coa que vivín en pecado. O novo réxime aboliu a lei do vicio e a fraqueza. Perante el Señor e mais o mundo volvemos ser marido e muller. Sei que miña nai e a túa virtude mantiveron a túa decencia e que non teño motivos que recriminar: fuches unha boa muller e unha fiel esposa. Volvo a casa. O teu esposo. Francisco Lagos Dafonte.

Ao escoitar a carta de Francisco, Susa regresa á vida. Escoita, sente de novo. As actrices que eran fascistas, ao escoitar a voz de Francisco, convértense de volta nas sombras de Susa, na súa ansia e no seu respirar.

SUSA: Teño que airear o cuarto.
SUSA SOMBRA 1: Teño que colocar os marmeleiros no balcón.
SUSA: Teño que pasarlle o ferro á súa camisa.
SUSA SOMBRA 2: Limpar a louza.
SUSA: As fresas! Preparar o xarope con canela…
SUSA SOMBRA 1 e 2: … para botarllo ás fresas…
SUSA: Ovos! Bater o merengue …
SUSA SOMBRA 1 e 2: … para botarllo ás fresas …
SUSA: Cortar e lavar a menta …
SUSA SOMBRA 1 e 2: … para botarlla ás fresas …

Francisco volve, entra e olla a Susa. Susa obsérvao. Algo na súa ollada é diferente agora.

FRANCISCO: María Xesús… Susa. Non vaias botar a correr agora coma o día que te biquei onda o camiño da ermida…

Francisco acariña a Susa. Susa mira a Francisco. Todas as Susas quitan os panos e fican inmóbiles, ollando a Francisco. Susa sae do grupo, dá uns pasos e fálalle ao público.

SUSA: E Susa correu. E non parou de correr ata chegar á ermida, mais non entrou porque non precisou, porque se decatou de que ela non estaba morta, estaba dividida en dúas: a que perdoaba e a que odiaba, e non sabía cal delas ía volver á casa. E decatouse de que, coma ela, España estaba dividida en dúas…

Francisco vaise. Todas empezan a camiñar polo espazo, repetindo como unha ladaíña… Só Francisco fica ao fondo coma unha sombra. Ao seu carón, segue tendido o corpo da quinta actriz, inmóbil. O resto das actrices camiñan cara á fronte.

MULLER 1: Os irmáns…
MULLER 2: …divididos en dous.
MULLER 3: A terra…
MULLER 4: …dividida en dúas.
TODAS: España… dividida en dúas. Os camiños… divididos en dous. Os ríos… divididos en dous. As cruces… divididos en dous. Os vellos… divididos en dous. O pan… divididos en dous. As hortas… divididos en dous. A terra… divididos en dous. Os nenos… divididos en dous. As almas… divididos en dous. Os mortos… divididos en dous.

Quedan todas no proscenio mirando para o público. As voces cada vez máis altas.

TODAS: Dividida en dúas. Divididos en dous. Divididas en dúas. Dividida en dúas…

ADELINA.
ESPAÑA: 1939 – 1975.

ACTRIZ 1.- Presa 1, Monxa 2.
ACTRIZ 2.- Francisco.
ACTRIZ 3.- Adelina.
ACTRIZ 4.- Presa 2, Monxa 1.
Escóitase unha música. Cambia a luz. Os personaxes mudan. Escóitanse os ferrollos dun cárcere, dúas das actrices quedan no centro, poñen de novo o pano, agora é un farrapo de irredentas.
Francisco segue no fondo, transfórmase de xeito case imperceptible no Tenente Lagos Dafonte.
A cuarta actriz vai cara un curruncho, quita o pano, non vemos ben o que fai con el. A quinta segue no chan, na mesma posición, sen voz, sen movemento.

PRESA 1: *(Ao público)* Nas Brigadas aprendéronme que o sangue solidario é o único que vence. Que se caes cen veces, érgueste cen veces. Do hospital só me lembro do sangue. Pechaba os ollos e todo era vermello; abríaos e tamén. E aquí sigo véndoo todo vermello. Vexo as caras das miñas compañeiras e son vermellas: todas somos sangue. Sangue que resiste. Crestencia Abascal. Cárcere das Ventas. Primeira galería, dereita: cela 18.
PRESA 2: *(Ao público)* Resistín ata que puiden. Resistín cantando. Canto pola mañás, canto co prato de lentellas, canto cando oio que berran, entón canto máis alto. E hei cantar o día que me dean o tiro de graza. Vaia se hei cantar! Encarnación Maroto. Cárcere das Ventas. Primeira galería, esquerda: cela 23. Se me queres escribir xa ben sabes…

As presas recoñécense, séntense preto; úneselle a presa 2, cantaruxan xuntas, ao principio con precaución mais, ao sentírense preto, cada vez o canto é máis ledo.

PRESAS: *(Ámbalas dúas comezan a cantar)* "Se me queres escribir, xa ben sabes onde eu paro; se me queres escribir, xa ben sabes onde eu paro; presa aquí nesta cadea, encerrada nun burato; presa aquí nesta cadea, encerrada nun burato… Se ti queres comer ben pra morrer en boa forma; se ti queres comer ben pra morrer en boa forma… come un prato de lentellas que as comes ou as deixas…"

Óese un son a xeito de repique. As mesmas actrices que eran presas convértense en monxas. Xa non están no centro, senón que camiñan arredor dun adro que debuxa a luz nunha tea. Óense paxaros.

MONXA 1: Desde os conversos, quedoulles u odio e a xenreira, e esparexeron a semente do mal desde 1942: aí empezou todo.
MONXA 2: A orixe do marxismo, do pecado que debemos combater e exterminar.
MONXA 1: Hai que exterminar as descarreiradas, si. Mais hai que tentar salvalas: a bondade de Deus é infinda.
MONXAS: A bondade de Deus é infinda.
MONXA 1: *(Ordénalle á Monxa 2)* Cacheo!

A Monxa 1 muda a Presa 2. A Monxa 2 vai dereita á cela na procura do papel que esta enguliu.
A cuarta Actriz transformouse na cociñeira, Adelina. Cando ve como a Monxa lle abre con forza a boca á presa, interponse con graza.

ADELINA: Déixema a min, irmá, que xa lle vou poñer eu a esa alpargata nas lentellas pa comer…
MONXA 2: *(Deixando libre á presa)* Xa o vas cagar! A bondade de Deus é infinda!..

A Presa 2 muda de volta a Monxa 1. As Monxas observan e admiran todo o que cociñou Adelina para elas. Adelina desprega toda a súa ledicia e desenvoltura para amosarlles os manxares.

ADELINA: Bo día, irmás. Veña, achéguense aquí, á cociña, que non saben os que lles teño preparado… Mire, o puré de bispo chámolle… puré de pataca cocida coa remolacha, que lle dá unha cor que non me diga. E xa naceu millo na horta. Mire, mire este amarelo que ben parece o sol nacente. E dos tomates xa nin falo: uns tomates vermellos como de vomitar sangue…
MONXA 1: Adelina!
ADELINA: Desculpe, Madre, que xa sabe vostede que non me aprenderon formas. Que se o meu marido non se tivese metido en política e me dese lecciónns de conduta…
MONXAS: *(Repiten a un tempo)* Xa tería aprendido maneiras, en vez de tanto número.

Polo outro currúncho, por sorpresa, aparece o Tenente Francisco.

FRANCISCO: Quen está ao cargo?
MONXA 1: Tenente…
FRANCISCO: Tenente Francisco Lagos Dafonte. Cantas?

MONXA 2: Trescentas corenta.
MONXA 1: Quince mil.
FRANCISCO: Rebeldes.
MONXA 2: Atravesadas.
FRANCISCO: Coma estrugas.
MONXA 1: Coma mulas, tenente.
ADELINA: Esas, coma ter picante no cu…
MONXAS: A cociñeira.
MONXA 2: Boca podre, pero cociña ben.
MONXA 1: Non tivo educación…
ADELINA: Que se o meu marido non se tivese metido en política e me dese lecciónsde…
MONXAS: Xa tería aprendido maneiras, en vez de tanto número.

Francisco cavila un segundo, mais decide pasar por alto o chiste. O Tenente e mais as Monxas camiñan polo adro.

FRANCISCO: Hai fame. A insubmisión dáme fame.
MONXA 1: A indisciplina.
FRANCISCO: A indisciplina e a insubmisión. Pobres ánimas.
MONXA 2: Comamos. Porque Deus nos enviou a mellor cociñeira nestes tempos de fame…
FRANCISCO: Fame? Quen falou de fame?
MONXA 1: Ninguén. Non hai fame en España. Só misericordia.
MONXAS: A bondade de Deus é infinda. Aleluia!

As tres van ao comedor, no mesmo lugar onde antes había un adro. As luces debuxan agora unha mesa grande acorde co banquete e a posición.

MONXAS: *(Rezan)* Padre, ti que nos chamas a estar xuntos nesta mesa e que proviches estes alimentos: que esta comida fortaleza as nosas mentes para que poidamos facer o noso traballo con eficiencia. Pedímoscho por Cristo o noso señor. Amén.
FRANCISCO: E que Deus bendiga ao Xeneralísimo e mais á Patria.
MONXAS: Amén.

Adelina aparece cos pratos para servilos: engaiólaos, divírteos, aliméntaos.

ADELINA: Traio de primeiro unhas tenras xemas enriba dunhas patacas feitas ao carbón, que viva a nai que me pariu. Viron que cor? Nin moi calladas nin moi fofas. Afunda vostede a ferramenta na xema… Gloria para o padal, dígollo eu.
FRANCISCO: E onde deixaches as claras?
ADELINA: Iso é segredo. Déixoos agora un seguindo.
FRANCISCO: *(Proba)* Saboroso.
MONXAS: *(Proban, coma el)* Saboroso.
ADELINA: Mire estes pementos asados, que mentres se me facían as patacas, púxenos e mire… vermellos que parecen o sangue do noso señor Xesús sacrificado por todos nós.

MONXAS: Amén.
MONXA 2: Xa llo dixemos: a mellor.
MONXA 1: Atopou a senda de Deus. Porque coas botadas a perder hai que ter tino. Pico, pala e disciplina.
ADELINA: E agora o doce… *(canta e bate palmas)* As amoras que nunca probaches, coas claras que sempre soñaches e un merengue que eu che preparei. Ai que rico morao, moraíño, que eu o traio e o quito, todo nun segundiño…

Francisco e mais as Monxas bailan ao ritmo, comen, devoran, rematan extasiados.

FRANCISCO: Gloria a Deus por todos os alimentos que tomamos!
MONXAS: Gloria!
ADELINA: E agora voulles repartir carne de alpargata a todas esa endiañadas.

As Monxas son de novo Presa, de volta nas súas celas. Francisco, empachado pola suculenta comida, dá o seu discurso; mentres, elas escoitan.

FRANCISCO: Organizaron vostedes un reduto de disciplina e bo facer. A súa horta é o exemplo do traballo ben feito, do deber e de converter os froitos que manda el Señor en manxares para corpos que, coma o meu, sofren a cotío as arremetidas do mal, a través desas mulleres que deixaron de selo para abrazaren o pecado e u odio contra a nosa patria.

Francisco recréase nas súas palabras perante a audiencia, pero de fondo escoita a unha das presas.

PRESA 2: *(Empeza a cantar)* Se me queres escribir, xa ben sabes onde eu paro…
FRANCISCO: *(Mándaa calar)* Shhhh!
PRESA 1: *(Agora canta ela)* Xa ben sabes onde eu paro! Presa aquí nesta cadea…

Francisco pégalle á Presa 2 simulando unha labazada.

FRANCISCO: Este centro de redención…
PRESAS: *(Cantan, desafiantes, as dúas xuntas)* … encerrada nun burato, presa aquí nesta cadea…

Francisco fai calar ás presas cun xesto impoñente e con outro que arremeda un golpe seco péchaas na súa cela de castigo.

FRANCISCO: Como lles dicía, este centro de redención empezou con trescentas corenta irredentas. Agora son quince mil mulleres. Quince mil ánimas, que coa axuda de Deus e das santas irmás que coidan este lugar, conseguiremos deter a difusión de ideas estranxeiras corruptoras dos valores universais hispánicos, construíndo así unha nova España e protexéndoa dos inimigos de Deus e da Patria. *(Vaise e crúzase coa cociñeira)*

Adelina vai cela por cela dándolles de comer. Pero ámbalas dúas cóspenlle a comida.

PRESA 1: Traidora!
PRESA 2: Peste!
PRESA 1: O teu home consúmese na sepultura.
PRESA 2: A bandeira republicana máis grande que viron os meus ollos.

Adelina fica nun curruncho escoitando, as presas non o saben.

PRESA 1: Víchela?
PRESA 2: Vina. Foi na miña vila. Tomás, o home da cociñeira, fixo a bandeira máis fermosa que eu nunca vira. Púxoa no campanario… Ao principio a bandeira pesaba tanto que non se movía, Tomás tentábao e tentábao, pero era de mais para unha soa persoa e… De súpeto levantouse vento e empezou a ondear a se mover…
PRESA 1: E Adelina?
PRESA 2: Orgullosa, mirando para el… desde que o mataron ela cambiou…

Adelina non pode oír máis e sae. Ao escoitar as presas o ferrollo, bérranlle.

PRESA 1: Muller e traidora!
PRESA 2: O teu home morreu pola nosa bandeira.
PRESA: Pero ti es traizón.
FRANCISCO: *(Para si propio)* Como foi que o perdeu?

As Presas trocan a Monxas, van a correr xunta o tenente Francico.

FRANCISCO: Como foi que o perdeu? Como foi que o perdeu?!!!!
MONXA 2: Quen perdeu o que?
FRANCISCO: O seu home: como perdeu a cociñeira o seu home?
MONXA 1: Fusilado. Tivéronlle que dar seis tiros de graza.
MONXA 2: Que non quería morrer…
FRANCISCO: E que fixo?
MONXA 1: Era defensor do mal que trouxo a España…
FRANCISCO: Que fixo????!!!!! Exactamente que é o que fixo?
MONXA 1: Puxo no alto unha bandeira republicana.
MONXA 2: Antes xa a tecera…
MONXA 1: E subiu ao campanario…
FRANCISCO: Seis tiros de graza.
MONXA 1: Son os que lle deron.
FRANCISCO: Pois déanlle tantos a ela. Fusílena.
MONXA 2: Fusilar?
MONXA 1: Á… á cociñeira, Tenente?
FRANCISCO: Seis tiros. Ao abrente.

Francisco sae, as Monxas fican perturbadas.

MONXA 1: Mátana!
MONXA 2: Mátana!

Repique e mudan a Presas
PRESA 1: Mátana!
PRESA 2: Mátana!
PRESA 1: Mais por que?.. Por que?
PRESA 2: *(Cantando)* "Anda jaleo, jaleo. Ya se acabó el alboroto y ahora empieza el tiroteo…"

Francisco achégase a sorrir, polo fondo, á cociña na que está Adelina. Ela asústase, mais, aínda así, chancea ao velo. Rin e seguen a conversa)

FRANCISCO: Adelina, hoxe eu sei o que xantamos. Mais, que comeron onte as monxiñas ...
ADELINA: Ai, onte nin me lembro, Tenente, coa cabeza que eu teño…
FRANCISCO: Que si que te lembras…
ADELINA: Un millo cocido riquísimo, Tenente…
FRANCISCO: Millo? Non che é doado conseguir millo nestes días.
ADELINA: Non, non é doado. Pero aquí unha, que cos recursos que ten, Tenente, amáñase moi ben.
FRANCISCO: De que cor é o millo, Adelina?
ADELINA: Cor? E de que cor vai ser?
FRANCISCO: E ben?
ADELINA: De cor amarela, Tenente: o millo é amarelo.
FRANCISCO: Como as xemas de hoxe.
ADELINA: Como os cabelos dun querubín de Deus.
FRANCISCO: Que máis?
ADELINA: Tomates.
FRANCISCO: Tomates vermellos.
ADELINA: Non lle coñezo outros. Vermellos coma o sangue de nuestroseñor.
FRANCISCO: Máis vermellos aínda.
(Adelina decátase, xa coñece a súa sorte. Valente. Enfrontan os dous as súas olladas. É un duelo)
ADELINA: Máis vermellos, si, ten vostede razón… e despois un simple puré.
FRANCISCO: Puré de que?
ADELINA: Eu chámolle o puré do Bispo. Cozo as patacas coa auga das remolachas e queda unha cor fermosa; unha cor chea de vida, queda. Sabe que cor é esa, Tenente?
PRESAS: *(Que están oíndo a conversa e decátanse da verdade)* Morada. Púrpura… Vermella, amarela e morada…
FRANCISCO: Tes razón, o teu home non che ensinou maneiras.

Adelina encara a Francisco, queda atrás a cociñeira simpática, agora é toda firmeza e seguridade.

ADELINA: Non, Tenente, aprendeume a sumar, a ler, a berrar, a entender. Aprendeume as cores. A vivir, a aturar, a calar para ser forte, a ser fiel… A serlle fiel á liberdade, a ser ceibe. Aprendeume as cores. E vostede papou as miñas cores, comeu as nosas cores, relambeuse con elas. As súas entrañas son agora amarelas, vermellas e moradas.

Escoiten, compañeiras! Agora todos han dicir, todos o han lembrar coma o fascista que comeu unha bandeira republicana. O fascista que comeu unha bandeira republicana!

Francisco arremete contra ela. Ela non se acovarda. Francisco suxéitaa polo mandil, polo pescozo. As presas berran felices, orgullosas, ata que se decatan de que Adelina xa non fala. Francisco contempla o corpo da muller que ven de asasinar coas súa mans e afástase. As presas coñecen tamén a súa sorte. Como un acto derradeiro de loita e dignidade empezan a cantar mentres se despiden e se preparan para a morte.

PRESAS:
"Se me queres escribir, xa ben sabes onde eu paro…
Por culpa da cociñeira, enguliches a bandeira…
Se ti queres comer ben, pra morrer en boa forma…"

Francisco converte o seu pano nun fusil. Dispara. Morren fusiladas. Francisco decátase de en que se converteu. O fusil volve ser de volta o pano, arrástrao mentres camiña cara ao público, colócase no mesmo centro no que Susa se colocara no remate do primeiro conto. Sereno.

FRANCISCO: *(Ao público)* E Francisco Lago Dafonte ficou seco e cheo de pólvora. Pareceulle escoitar a risa de Susa e saboreou nos seus pés a danza de Rosa. Pero ollou para eles e estaban inertes e fríos. E decidiu seguir… Seguir ata converterse en algo tan insignificante que ninguén puidese lembrar xamais.

Os corpos están caídos. As presas e Adelina morreron. Francisco queda ido nun recanto:"morre". Escurécese o espazo.
Soa a música. Os corpos empezan a moverse, a modo mais sen dor, relaxados. Espreguízanse como se todo un longo tempo lles caese enriba. Están xa case todas en pé. Só a quinta actriz segue no chan. Míranse aínda sen entenderen onde están, que ocorreu, tentan sentir o corpo, as mans. Decátanse de que xa poden camiñar. Nese intre escóitase unha voz en off que dá a nova: "Españoles, Franco ha muerto". Móvense todas de xeito convulsivo, queren quitar a podremia de enriba, algunha semella que quixesen arrincar a pel. De súpeto escóitanse sons modernos. Axítanse todas, móvense polo escenario "cheas", divertidas, todo é novo, todo pasou, todo segue cara adiante, todo ficou atrás. A quinta actriz segue no mesmo lugar.

MIGUEL.
ESPAÑA: 1975 – 2014.

ACTRIZ 1.- Lois.
ACTRIZ 2.- Pastora.
ACTRIZ 3.- Felisa.
ACTRIZ 4.- Milagres.
ACTRIZ 5.- Miguel.
As Actrices fixéronse donas do escenario a carón de sons de móbiles, televisión, timbres. Só unha está algo confundida e decide preguntarlles ás demais.

PERSOA 1: *(Vai preguntándolles a todas)* E agora que?.. E agora que?.. E agora que?..

Ignórana todas e déixana de lado. Mais daquela, outra das persoas tamén está indecisa e precisa saber.

PERSOA 2: *(Idem)* Onde están?.. Onde están?.. Onde están?..

Cada vez que lle pregunta a alguén fana calar. Ao remate xa non pode máis.

PERSOA 2: ONDE ESTÁN?!!
TODAS: *(A un tempo. Con violencia)* CHSSSSS!!!

Ela decátase de que ten que calar, todas quedan co chsss… Van camiñando de vagar mentres a música continúa. Seguen a pedir silencio mentres forman unha liña recta cos seus corpos, un muro de costas ao espectador formado polas catro actrices.
A luz esváese e no silencio comeza a se mover levemente Miguel, o corpo que estivo tirado no chan durante o resto da obra. Sae da terra relaxado, mais sen entender onde está. Cústalle abrir os ollos, hai demasiada luz e moito ruído. Abouxado. Miguel é un rapaz da aldea, inocente, aberto. Contempla o lugar de onde saíu. Queda ollando. Toca o chan.

MIGUEL: Lois? Lois? Espertaches? Volviches, Lois?.. *(Silencio)* Eu… eu… si… volvín Lois… non sei por que, mais estou aquí outra volta…

Mira arredor de si e descobre o público.

Miguel Docampo Pardo, fillo de Miguel Docampo e de Pastora Pardo; dúas irmás: Milagres e Felisa. Dezasete anos de vida e setenta e cinco anos de morto. Que Deus o teña na gloria.

Silencio

Este é o epitafio que eu non teño…

Mira de novo arredor de si como procurando a Lois.

Que húmida estaba a terra! Lois, que mágoa que non poidas sentir o sol.

Respira feliz. Trata de asubiar e non pode.

Opras! Non podo asubiar!..

O resto das actrices, sen moverse, asubían. Cando nomea a Lois, unha das actrices transfórmase de volta co pano noutro mozo da idade de Miguel.

…Con Lois sempre asubiabamos, iamos xuntos a todas partes, ata que un día os seus

pais decidiron que volvía a América. A América? Pero onde está iso?

O presente muda ao espazo da lembranza, do pasado. A actriz, que xa se transformou, entra en escena.

LOIS: Que che digo que si! Que aló vou poder ser enxeñeiro; voulle construír a meu pai unha máquina para regar porque alí os campos son enormes, valo ver, Miguel, cando volva imos poder sementar ata neste ermo! Vou construír unhas canles así por debaixo… e… e vou inventar un xeito para que a auga saia e poder plantar… uvas! Miguel. Uvas imos poder plantar…
MIGUEL: Uvas? Pero se isto non serve máis que para mato…
As tres actrices que seguen de costas recollen os seus panos e colócanos no pelo.
LOIS: Que si, que che digo que imos poder plantar viñedos e cerdeiras, e o trigo vai ser o máis alto da aldea e no verán non importa que non haxa auga porque…
MIGUEL: Enxeñeiro… Vámoslle tirar aos pombos que os sentín cantar na veiga!
LOIS: Que teño que estudar!
MIGUEL: Agora? Xa queres ser enxeñeiro? Veña! Veña, Lois…

Empezan a escoitarse rezos. As tres actrices están agora de fronte nun velorio. Lois vírase e ve ás tres mulleres rezando, as dúas irmás e a nai de Miguel. O finado é o pai de Lois. Miguel vai ir detrás del, mais antes fálalle ao público, deixando por un intre o espazo da lembranza.

MIGUEL: *(Ao público)* O seu pai non puido nunca volver a América. Atopárono morto no camiño da horta. A mula, que pisou unha pedra grosa e tirou con el…

Miguel mira a Lois, chama por el. Lois está derrubado. Miguel tenta contelo, óllanse. As tres mulleres que están rezando baixan o volume e contemplan a escena. Miguel acariña levemente a man de Lois. Pastora, a súa nai, agarra con forzaa Miguel e lévao fóra desa situación, case arrastro.

PASTORA: Non volvas tocar así un home nin diante da xente nin diante de Deus!
MIGUEL: Pero… Mamá…
PASTORA: O teu amigo tiña que se ter portado coma un home. Mañá levas ti o trigo ao muíño, que a túa irmá Pastora é máis forte, pero é muller… e non fagas o atallo polas hortas, pasas co saco pola praza da vila. Oíchesme?
MIGUEL: Si, mi madre.
PASTORA: O loito agora que o faga coa súa nai. De aquí en diante ti da horta para a casa e da casa para a horta.
MIGUEL: Non… Non vou poder ir á veiga con el, mamá?
PASTORA: Cando marche estudar á cidade poderás despedilo. Agora pórtate coma un home.

Pastora sae preocupada ao fondo. As irmás non puideron menos que observaren a parolando e traballando.
FELISA: Ala, Miguel, xa oíches a mamá… Anda a remangarte, veña, colle a peneira.

MILAGRES: Migueliño, queres que che axude mañá cos sacos?
MIGUEL: Non, xa teño eu brazos para facelo.

As irmás rin a gargalladas.

MILAGRES: E se non, xa os terás…
FELISA: Porca vida. Deus e o noso pai danlle as terras a quen non as sabe traballar.
MILAGRES: Ti non me sexas mala lingua.
FELISA: Se é ben certo… Ramón di que cando casemos apenas terei do noso pai a leira de barbeito na outra beira da ponte. E el que nin forzas ten para erguer a forcada, por ser home quedou con toda a terra fértil… Se ademais todo o mundo sabe que este non é…
MILAGRES: Cala, muller!
MIGUEL: Que eu non lle pedín nada a meu pai!
FELISA: Non calo. E nós que? E Ramón? E o meu home? Non viches como trae as mans do arado? Amósame as túas, Miguel. Non ves que ten mans de…?
MIGUEL: Queda ti con todo se é o que queres… Eu vou ir estudar coma Lois e…
FELISA: Estudar?

Mófase del. As bromas remataron nun forte debate. Berran ata que entra a Nai de súpeto. Ao vela calan todos.

PASTORA: Sodes irmáns e Deus xa decidiu quen é quen nesta casa. Veña, cada unha ao seu labor agora.
TODAS: *(Índose)* Si, madre.
(Miguel tamén vai irse pero chámao a súa nai)
PASTORA: Miguel, mañá lembra que tamén tes que rozar a horta.
MIGUEL: Si, mamá.
PASTORA: E… non lle deas creto ás túas irmás, son mulleres. A muller é sempre mala herba. Pero cóidante moito a ti.
MIGUEL: Ben o sei, mamá.
PASTORA: O mestre tróuxoche tres libros para que non te retrases nas lecciónes…

Miguel emociónase pensando nos libros. A nai deixou a un lado a súa severidade para ollalo con cariño.

PASTORA: Despois de te lavares has poder ler. Vai agora.
MIGUEL: Si, mamá.
PASTORA: Miguel, cando marcha o teu amigo para América?
MIGUEL: Por Tódolos Santos, mamá.

Semella que a nai vai falar pero non o fai. Miguel fica interrogante, pensando que a súa nai xa lle deixa ver o seu amigo. Pastora só mira. Ao remate Miguel ármase de valor.

MIGUEL: Mamá… podo?

PASTORA: Non. Non podes. Miguel, un home ten que ser forte ou non é nada.

Déixao a Nai e o espazo da lembranza muda de volta e Miguel fica só, no presente, preguntándose por que ninguén o procurou.

MIGUEL: Mi madre, por que me deixou só? Por que non me buscou?... Mi madre, está vostede aí? É que segue incomodada comigo, mi madre? *(Preguntándolle ao público)* Por que volver para lembrar isto? Por que me trouxeron de volta? *(Procurando a Lois no espazo)* E ti, Lois? Por que non acordas? Non cheiras? Plantaron videiras… Por que rematamos aquí?.. Lois, veña, sae, que che encantaría ver isto.

Empeza a cantar para chamar a atención de Lois, agardando a que el tamén esperte.

"O día que eu morra, teño xa disposto no meu testamento que me han enterrar, dentro dunha adega, ao pé dunha cuba…" *(Decátase)* Estamos como pediamos ao cantar, Lois… *(Ao público)* Pero como é que non nos viron?.. Se viñan vendimar… como non nos viron?

Unha música interrompe a pregunta de Miguel. Estamos de novo no espazo da lembranza. As irmás irrompen na escena e van cara á fiestra observando con expectación e precaución o que está a ocorrer na vila. Miguel fica contemplando a escena. Elas non poden velo.

MILAGRES: Xa vos dixen que os sublevados ían chegar axiña…
FELISA: Chssss! Non se che ocorra chamarlles así! Se te escoitase Ramón… E dígoche unha cousa, que nin estes nin os "roxos" nos van sacar de traballar.
MILAGRES: Disque penduraron unha lista no Concello cos que van fusilar, e que algúns da vila poden entrar, borrar os nomes e cambialos por outros. *(Preocupada, a Felisa)* Felisa, Ramón non che contou nada?
FELISA: Está de Deus! A ti nunca che gustou Ramón e… que, que tentas dicir? *(Á nai, que non contesta, só está cavilosa)* Madre, trouxo xa os crisantemos para levar ao camposanto mañá?
MILAGRES: Iremos á xira mañá despois do cemiterio? Non será perigoso?

Pastora segue cavilosa e preocupada. Miguel observa toda a escena sen que ninguén o poida ver a el.

FELISA: Pois claro que iremos. Agora si que se vai respectar Tódolos Santos. Encheremos o cesto de figos e castañas! Non si, Carme?
PASTORA: Tódolos Santos… Miguel! Vistes ao voso irmán?
MILAGRES: Mañá marcha Lois para América, vostede deixou que fose despedilo…
PASTORA: Miguel!

Pastora pon o pano na cabeza e sae procuralo. As irmás, entendendo o seu medo, séguena. Miguel estivo a observar toda a escena e comeza a entender o que aconteceu. De súpeto Lois dálle un empurrón agarimoso e Miguel outra volta vai cara ao espazo da lembranza.

LOIS: Non sei cando vou poder volver, pero mamá di que se poden enviar paquetes por barco… Así que este ano, despois da matanza, mándasme un par de chourizos.
MIGUEL: Pero non vas probar os torresmos acabados de fritir!
LOIS: Pois sobes ti ao barco e lévasmos...!

Falan por falar, pois que os dous están tristes e non saben como se dicir adeus. Ao lonxe escóitanse as voces das irmás e a nai chamando por el: "MIGUEL!". Búscanos… A nai e as irmán agarran os seus panos e convértense agora en soldados. De lonxe empezan a arrodealos aos dous, collendo por sorpresa a Miguel e a Lois. Os panos son agora fusís nas súas mans.

SOLDADO 1: Ei! Volos dous!
SOLDADO 2: Quietos, cona!

Escóitanse dous tiros. Primeiro cae Lois, despois Miguel. Miguel esperta, exaltado. Mira a Lois, ve os seus verdugos. Entende.

MIGUEL: Foi así… xa me lembro… Eu sei canto quería a Lois… Non sei como exactamente, eu era aínda moi novo para saber nada… mais queríao… Non sei se foi por iso polo que nos mataron… ou se cadra foi por terras… Ramón, o prometido de Felisa, foi un dos que quedou a cargo de facer a lista… e se polo menos foi por diñeiro, a nosa morte foi por algo, digo eu… Non sei. Só sei que se me deixaron alí … é porque ninguén me buscou? E teño dereito a estar no outro lado do muro. *(Quere saber, achégase ao muro do cemiterio e empeza a berrarlle a Pastora, a súa nai)* Madre, eu só quero saber… ninguén viu? Aí, ao outro lado do muro, mamá… por que non me levou con vostede? Por que non estamos xuntos, mamá?

Felisa dá media volta e empeza a recitar o seu epitafio en voz alta, emocionada, mentre olla ao seu irmán.

FELISA: "Felisa Docampo Pardo, 1918-2011. Descansa en paz despois dunha longa vida dedicada á procura do seu irmán Miguel, asasinado no verán de 1937. Roga se algunha alma caritativa un día o atopase, tivese o corazón de traelo coa súa familia".

Miguel corre abrazar á súa irmá, quen lle fai un aceno para que se vire e vexa a Milagres, que empeza tamén a contarlle o seu epitafio.

MILAGRES: Milagres Docampo Pardo 1922-1998. Volvo acariñar as mans do meu irmán Miguel, asasinado polo odio e a confusión da España vella e tafur.

Miguel, entre as súas irmás, escoita a voz da súa nai e achégase a ela, conmocionado, antes de fundirse nun abrazo.

PASTORA: Pastora Pardo, 1901-1987. Xace aquí coa lembranza do seu fillo Miguel a quen nunca deixou de procurar e que Deus o teña na gloria"
MIGUEL: Madre! Ninguén lles dixo que nos tiraran aí, mi madre, detrás do cemiterio?

Pastora mira para el e con tenrura co xesto dille que non. A partir de aí diríxense todos a el. Abrázanse. Pranto, risa, mais sobre todo ledicia.

PASTORA: “ Miguel Docampo Pardo,
MILAGRES: Fillo de Miguel Docampo e de Pastora Pardo.
FELISA: Irmán de Milagres e Felisa Docampo Pardo.
PASTORA: Dezasete anos de vida, setenta e cinco de morto...
MIGUEL: ... e o que me queda de volta cos que nunca me esqueceron”. Este éw o epitafio que agora teño... *(Á nai)* Madre, podo ir onda Lois?

Pastora asente. Miguel achégase a Lois e víase cara ao público, converténdose en narrador do seu propio conto.

MIGUEL: E Miguel ollou á súa nai e avellentou con ela, e descubriu o fermoso do paso do tempo nas cuncas dos seus ollos. Sentiu de novo a terra húmida mais agora recendía a remanso. E daquela cruzou o muro por derradeira vez antes de volver cos seus, e colocou un acio de uvas preto de Lois, confiando en que o aroma un día tamén puidese espertalo.

Escuro final.

PORTADAS DOS ÚLTIMOS TEXTOS PUBLICADOS POLA RGT

ÚLTIMOS TEXTOS EDITADOS POLA R.G.T.

Cándido Pazó: *Dúas mamás* (nº 57)
Xosé Manuel Pazos Varela: *Ida e volta* (nº 58)
Sonia Torre: *Memoria* (nº 58)
Carles Batlle: *Esquecer Barcelona*. Tradución: Afonso Becerra (nº 59)
Santiago Cortegoso: *Hámster* (nº 60)
Suzanne Lebeau: *O ogrocho*. Tradución: Henrique Harguindey (nº 61)
Gustavo Pernas Cora: *Colgados* (nº62)
Josep María Miró: *A muller que perdía todos os avións*.
Tradución: Afonso Becerra (nº63)
Luis Araújo: *Por que as acacias non han dar xarope?* (nº64)
Abel Neves: *Nunca estive en Bagdad* (nº65)
Teté García, Marta Pérez, Rosa Puga, Vanesa Sotelo: *Expostas* (nº66)
Lluïsa Cunillé: *O tempo*. Tradución: Afonso Becerra de Becerreá (nº67)
Eduardo Alonso: *Piratas* (nº68)
Jose Maria Vieira Mendes: *Padam Padam* (nº69)
Joan Giralt Bailach: *Fóra feira* (nº70)
Josep Maria Miró i Coromina: O principio de Arquímedes (nº71). Tradución:
Afonso Becerra de Becerreá
María Xosé Queizán: Ritos de sangue (nº 72)
Marta Freitas: *Imundação* (nº73)
Fernando Epelde: *Caixa negra* (nº74)
Raúl Dans: *Unha corrente salvaxe* (nº75)
VV.AA: Micropezas (nº76)

Consulta os textos publicados na web:

www.revistagalegateatro.com

Edita: A.C. “Entre Bambalinas” Depósito legal: Vg.21-1994 ISSN-2412